

Lugo, 31 de setembro de 1960

Sr. Don Lois Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Foi pra min unha ledicia recibir a túa carta. As túas verbas carifiosas -sentimental como eu son segredamente- échenme de emoción. É demasiado xeneroso ao lembrar con agrado unhas horas pasadas con un home envellecido e malencónico, pantasma de si mesmo, sobrevivente doutros tempos i estrano nistes. Só a resurrección do pasado, na persoa dos vellos amigos apertados dempois de longa ausencia, torna a infundir algún quentor na miña friaxe. Se non me atopaches enteiramente cadavérico, como xustificadamente podía temer, a iso se debería. Houbera querido ter pra vós o agasallo dun pulso máis rexo, dun trato máis tónico. A miña soedade interior non é pra cultivar en min unha sociabilidade que nunca poseín en grao sobresaliente. O certo é que a túa muller e ti deixáchedes na miña lembranza o mellor dos recordos; e María compartente enteiramente istes sentimentos. Sempre vos consideraremos dous irmáns, e onde queira que voltemos a nos ver, será pra nós un grande contento vervos.

Tardéi en che contestar mergullado na posta en marcha do Colexio no novo curso, o que sempre crea problemas máis difíciles e perturbadores do que pode sospeitar quen non conoza as peculiaridades do caso. O meu traballo é dabondo esmagador, si se ten en conta que non podo escusarme de complicalo coas tarefas literarias que se me encomendan, e que é o único que dá unha sombra de xustificación á miña vida. Mentras a Historia da Literatura que ando a facer non esteña rematada, teño hipotecada a miña existencia. I eso vai pra longo.

Supoño que terás recibido o meu discurso de ingreso na Academia Galega, que trata sobre as fontes de Rosalía. Debíncho mandar, se non lembro mal, estando ti en Europa. Non sei se cho mandéi ao Centro Galego. Coido que si, o mesmo que outro exemplar que adiquei a Blanco Amor.

Aínda non recibín a "Obra Completa" de Cabanillas, que ten xa moita xente por aquí. En vista de elo, escribín ao Presidente do Centro, rogándolle que intervira persoalmente pra que cesara ista anomalía. Ao día seguinte recibín carta de Emilio Pita, na que iste bo amigo me asegura que non tardaréi en recibir o volume. Polo de agora non o teño. Logréi ver dous exemplares: o que se lle mandou a Del Riego e o que se lle mandou ao Director da revista "Vida Gallega". Agardo que de calquer xeito non se demorará moito a chegada do meu exemplar.

Na túa carta me falas de que por correo aparte me envías as túas obras de teatro. Non me chegou nada diso; pero dende logo, "La Soldadera" i "El irlandés astrólogo" mas edicaches e regalaches en Lugo, xuntamente con "As cicatrices". Como teño tamén "Na brétema, Santiago" e "Fardel de emigrante", a túa bibliografía está bastante completa na miña librería. Sempre leeréi con pracer o que queras me mandar.

María i eu vos enviamos apertas de todo corazón.

(Carballo Colero)